

# AXUDAS ANUAIS A DEPORTISTAS

Tempada 2008 - 2009 - Circular 08-03

Para percibir as Axudas Anuais a Deportistas correspondentes á tempada 2007-2008, teranse que cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter tramitada a licenza de "Deportista de Competición" pola Federación Galega de Natación na tempada 2007-2008, e ter participado regularmente nas competicións organizadas por esta Federación.
2. A tramitación da licenza de deportista por un club que non pertenza á Federación Galega de Natación, ou a tramitación da licenza estatal por un club que non pertenza á Federación Galega de Natación, suporá, no momento da devandita tramitación, a perda de todos os dereitos, tanto de acumulación de méritos como de retribución de importes.
3. Acadar o posto de finalista en Campionato de España Absoluto, e obter un mínimo de 75 puntos no computo final do baremo de puntuación.
4. Para obtelas ser nado no ano 1992 ou anteriores.

## Baremo de Puntuación

### Alínea 1: Records

- Por cada record galego, probas individuais	50 puntos
- Por cada record do Campionato Galego, probas individuais	10 puntos
- Por cada record de España	200 puntos
- Por cada record de Campionato de España	75 puntos

Os records batidos en probas que se desenvolvan polo sistema de eliminatorias e finais, se se acadan na mesma proba en ambas fases, computaranse unha soa vez. Os records galegos que sexan batidos nos campionatos galegos puntuarán unicamente como estes e non como records de Campionato.

### Alínea 2: Campionatos Galegos Absolutos de Inverno e Verán

- Medalla de bronce	2 puntos
- Medalla de prata	4 puntos
- Medalla de ouro	8 puntos

Unicamente probas individuais.

### Alínea 3: Campionatos de España Absolutos de Inverno e Verán

- Por cada clasificación en final "A"	50 puntos
- Medalla de bronce	100 puntos
- Medalla de prata	150 puntos
- Medalla de ouro	200 puntos

Estas puntuacións non son acumulables para unha mesma proba, só se terá en conta a mellor das mesmas.

#### Alínea 4: Campionato de España por Comunidades Autónomas

- Por cada terceiro posto	50 puntos
- Por cada segundo posto	75 puntos
- Por cada primeiro posto	100 puntos

#### Alínea 5: Selección Nacional (só competicións, exclúense as concentracións)

- Por participación en Cto. do Mundo Júnior	100 puntos
- Por participación en Cto. de Europa Júnior	75 puntos
- Outras competicións Júnior	50 puntos
- Por participación en Xogos Olímpicos	300 puntos
- Por participación en Cto. do Mundo	200 puntos
- Por participación en Cto. de Europa	150 puntos
- Outras competicións	100 puntos

#### Alínea 6: Outros méritos (\*)

- Residencia durante a tempada fóra do domicilio habitual por necesidade laboral e/ou académica[**].	30 puntos
- Realizar estudos superiores	30 puntos

(\*) Só se sumarán os puntos desta alínea cando se acade o mínimo establecido no punto 3 desta normativa sumadas as 5 alíneas anteriores.

(\*\*) Só se considerará cando o domicilio habitual sexa dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, e quedan excluídos desta alínea os nadadores con bolsa en centros de adestramento.

#### Observacións:

1. O importe total das Axudas Anuais será o que figure no Orzamento aprobado pola Asemblea Xeral. Para a presente tempada o importe total é de 12.000 euros.
2. Só se poderá acceder a axudas de importe superior ao 25% do total da partida orzamentaria, no caso de ter participado en competicións internacionais cos Selección Española.
3. A Federación publicará os datos dos deportistas afectados no mes de Outubro de 2008, podendo os interesados presentar as reclamacións que estimen oportunas antes do 15 de Decembro do mesmo ano.

A Coruña, 30 de Setembro de 2008

Secretaría Xeral FEGAN